

**BASES I EDICIÓN DOS PREMIOS AO MELLOR TRABALLO DE FIN DE GRAO  
(TFG)****ASOCIACIÓN GALEGA DE SOCIOLOXÍA****Obxecto da convocatoria**

A Asociación Galega de Socioloxía convoca a primeira edición dos Premios ao Mellor Traballo de Fin de Grao (TFG) co obxectivo de recoñecer a excelencia dos traballos defendidos no curso académico 2025–2026 nas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia, así como de promover a calidade da investigación, e o talento emerxente no ámbito da socioloxía.

Con esta iniciativa, a Asociación Galega de Socioloxía desexa impulsar a divulgación do coñecemento sociolóxico na sociedade galega, facendo accesibles e socialmente relevantes os resultados da investigación desenvolvida polo estudantado universitario, e poñendo en valor a súa capacidade para analizar de maneira rigorosa e científica os procesos sociais contemporáneos.

Igualmente, esta iniciativa busca fomentar e apoiar a investigación sobre Galicia, promovendo estudos que contribúan a unha mellor comprensión das súas dinámicas sociais, económicas, culturais e políticas.

Finalmente, a convocatoria aspira a reforzar o papel da socioloxía como unha disciplina fundamental para a análise da realidade social, incentivando tanto o rigor científico como a vocación pública do coñecemento.

**BASES****Artigo 1. Requisitos dos traballos**

Os Traballos de Fin de Grao presentados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán abordar preferentemente temáticas relacionadas coa realidade social galega, ben de maneira directa ou mediante enfoques analíticos, comparados ou teóricos que resulten relevantes para a súa comprensión.

- Os traballos deberán presentar un enfoque sociolóxico explícito, fundamentado en conceptos, teorías ou tradicións analíticas propias da disciplina. Valorarase, así mesmo, a incorporación de perspectivas interdisciplinares, sempre que manteñan unha clara ancoraxe sociolóxica.
- Ter obtido unha calificación igual ou superior a 8.
- Poderán presentarse traballos de natureza empírica (cuantitativa, cualitativa ou mixta), teórica ou metodolóxica, valorándose en todos os casos o rigor científico, a coherencia interna e a súa contribución ao coñecemento sociolóxico.
- Poderán concorrer tanto traballos defendidos no Grao en Socioloxía como aqueles procedentes doutros graos, sempre que incorporen unha análise sociolóxica sólida e fundamentada. Para estes efectos, considerarase que un traballo presenta carácter sociolóxico cando cumpra, de maneira consistente, os seguintes criterios:
  - Formulación dun problema de investigación centrado na análise de fenómenos, relacións ou procesos sociais, e non exclusivamente en dimensións individuais, técnicas ou normativas.
  - Emprego explícito de conceptos, categorías ou teorías sociolóxicas.
  - Utilización dunha metodoloxía coherente coa investigación social.
  - Desenvolvemento dunha análise orientada á comprensión de estruturas, relacións ou procesos sociais.
  - Incorporación dunha bibliografía relevante no ámbito sociolóxico.
- No caso de traballos procedentes doutros graos, as persoas candidatas deberán achegar un informe xustificativo, cunha extensión máxima de 1.000 palabras, no que se argumente expresamente o carácter sociolóxico do traballo.

A Secretaría Técnica da Asociación Galega de Socioloxía verificará o cumprimento formal dos requisitos establecidos, correspondendo ao xurado a decisión final sobre a admisión dos traballos. A exclusión, de producirse, deberá ser motivada e será inapelable.

## **Artigo 2. Dotación do premio**

O Premio da Asociación Galega de Socioloxía ao Mellor Traballo de Fin de Grao estará dotado cunha contía económica de 500 euros, que estará suxeita ás retencións fiscais que correspondan segundo a normativa vixente.

Así mesmo, a persoa premiada recibirá un diploma acreditativo do galardón. A Asociación Galega de Socioloxía promoverá a difusión institucional do traballo gañador a través das súas canles de comunicación, co fin de contribuír á visibilización do seu valor académico e da súa relevancia para o coñecemento da realidade social.

### **Artigo 3. Presentación de candidaturas**

#### ***1. Forma de presentación***

A presentación das candidaturas realizarase exclusivamente por correo electrónico, mediante o envío da documentación requirida ao enderezo da Asociación Galega de Socioloxía ([ags.socioloxia@gmail.com](mailto:ags.socioloxia@gmail.com)).

No asunto do correo deberá figurar obrigatoriamente: **“Premio AGS TFG”**

#### ***2. Requisito previo obrigatorio***

Antes do envío da candidatura, as persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario de inscrición cuxa ligazón estará dispoñible e activa na páxina web da Asociación Galega de Socioloxía a partir da data de apertura da convocatoria.

#### ***3. Documentación a remitir***

No correo electrónico de candidatura deberán achegarse, como arquivos adxuntos (en galego ou castelán), os seguintes documentos:

1. O Traballo de Fin de Grao en formato PDF, na súa versión íntegra e definitiva, en dous exemplares:
  - nominal (co nome da persoa autora e o tutor/a)
  - anonimizado, sen datos identificativos.
2. Xustificante oficial da cualificación obtida, emitido pola universidade correspondente.
3. Un documento xustificativo da contribución do traballo á realidade social galega (entre 2.000 e 4.000 caracteres), no que se inclúan:
  - os principais resultados obtidos
  - a xustificación do seu interese, utilidade e relevancia para Galicia.
4. No caso de traballos procedentes de graos distintos ao de Socioloxía, e segundo o establecido no Artigo 1, un informe de xustificación do carácter sociolóxico.

#### ***4. Revisión das candidaturas***

Unha vez pechado o prazo, a Secretaría Técnica da Asociación Galega de Socioloxía procederá á revisión formal da documentación achegada.

Os traballos admitidos serán remitidos ao xurado exclusivamente na súa versión anonimizada, garantindo a imparcialidade do proceso de avaliación.

A Secretaría Técnica desempeñará funcións exclusivamente administrativas, actuando como garante da correcta xestión e da transparencia do proceso.

**Artigo 4. Prazos de presentación e subsanación**

A convocatoria abrirase oficialmente o día 9 de outubro. A partir desa data, establecerase un prazo de presentación de candidaturas que finalizará o día 30 de outubro ás 14:00 horas. Non se admitirán solicitudes fóra do prazo establecido.

Unha vez pechado o prazo de presentación, a Asociación Galega de Socioloxía fará pública, durante o mes de novembro, na súa páxina web, a listaxe provisional de candidaturas admitidas e excluídas.

As persoas excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles para emendar os defectos detectados ou achegar a documentación requirida. Transcorrido este prazo, publicarase, na mesma páxina web, a listaxe definitiva de candidaturas admitidas.

**Artigo 5. Sistema de avaliación**

O proceso de selección do traballo gañador desenvolverase mediante un sistema mixto de avaliación, que combina unha valoración cuantitativa estruturada (máximo de 100 puntos) cunha análise cualitativa argumentada.

Unha vez verificados os requisitos formais, os traballos serán distribuídos entre as persoas integrantes do xurado de forma equilibrada e aleatoria.

Cada membro disporá dun prazo máximo de 20 días naturais para realizar a avaliación cuantitativa.

***1. Avaliación cuantitativa***

Cada traballo será valorado conforme aos seguintes criterios:

- Contribución sociolóxica (ata 20 puntos)
- Relevancia para Galicia (ata 20 puntos)
- Rigor metodolóxico (ata 25 puntos)
- Base teórica e marco analítico-conceptual (ata 20 puntos)
- Claridade expositiva, estrutura e redacción (ata 15 puntos)

Cada membro cubrirá a plantilla oficial de avaliación, incorporando xustificación cando proceda.

***2. Selección de finalistas e avaliación cualitativa***

Unha vez finalizada a avaliación cuantitativa, cada membro do xurado seleccionará un máximo de dous traballos que acadaran as puntuacións máis elevadas, sempre que obteñan unha puntuación mínima de 70 sobre 100.

Non accederán á fase final aqueles traballos que non acaden este limiar mínimo, con independencia da súa posición relativa nas avaliacións.

Accederán á fase final un máximo de 10 traballos. No caso de que o número de traballos que superen o limiar de 70 puntos exceda este máximo, seleccionaranse aqueles que obteñan as maiores puntuacións totais na avaliación cuantitativa.

Para cada traballo finalista, todas as persoas integrantes do xurado elaborarán unha valoración cualitativa estruturada, na que se recollerán, cando menos, os seguintes aspectos:

- Principais fortalezas do traballo.
- Debilidades ou limitacións detectadas.
- Elementos innovadores ou achegas singulares.
- Relevancia sociolóxica e interese para o coñecemento da realidade social galega.

Estas valoracións servirán de base para a deliberación conxunta.

### ***3. Deliberación e resolución final***

A deliberación final realizarase nunha sesión específica, de carácter presencial ou telemático, na que as persoas integrantes do xurado analizarán conxuntamente os traballos finalistas, tendo en conta tanto as puntuacións cuantitativas como as valoracións cualitativas.

A decisión procurarase adoptar por consenso. No caso de empate ou desacordo non resolto, procederase a unha votación formal, resultando seleccionado o traballo que obteña maior número de votos.

O xurado poderá declarar o premio deserto no caso de considerar que ningún dos traballos presentados acadara o nivel de calidade requirido.

A resolución final recollerase nunha acta oficial, asinada por todas as persoas integrantes do xurado.

A resolución do premio farase pública no prazo de dous meses, que poderán ser prorrogables a criterio do tribunal, desde a publicación da listaxe definitiva de candidaturas admitidas, mediante a súa difusión na páxina web da Asociación Galega de Socioloxía.

O resultado será comunicado directamente á persoa gañadora mediante contacto telefónico ou correo electrónico, e farase público posteriormente na páxina web da Asociación Galega de Socioloxía.

### **Artigo 6. Composición do xurado**

O xurado estará composto por un número de membros non inferior a tres nin superior a cinco, en función do número de traballos recibidos, designados polo Comité Executivo da Asociación Galega de Socioloxía.

Na súa composición procurarase garantir unha representación equilibrada do sistema universitario galego, así como a presenza de perfís con experiencia no ámbito da socioloxía aplicada e profesional.

As persoas integrantes do xurado deberán contar cunha traxectoria acreditada no ámbito da socioloxía e actuarán con criterios de independencia, obxectividade e rigor científico.

Así mesmo, deberán declarar a ausencia de conflito de intereses e comprometerse a manter a confidencialidade de todo o proceso de avaliación.

#### **Artigo 7. Protección de datos**

De conformidade co disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, e en particular co Regulamento (UE) 2016/679 e coa Lei Orgánica 3/2018, infórmase de que os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados pola Asociación Galega de Socioloxía coa finalidade de xestionar a súa participación na presente convocatoria.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e non serán cedidos a terceiros, salvo obrigaación legal.

As persoas participantes aceptan que o seu nome e apelidos sexan publicados na páxina web da asociación co fin de informalos acerca da necesidade de subsanación da documentación presentada (de ser o caso) e admisión das súas candidaturas aos premios.

A persoa gañadora acepta que o seu nome, apelidos e título do traballo sexan públicos nas ferramentas de comunicación da Asociación Galega de Socioloxía, así como nas posibles notas de prensa. Do mesmo xeito, autoriza a captación, reprodución e difusión da súa imaxe (fotografía e/ou vídeos) durante o acto de entrega do premio, con fins informativos e de difusión institucional nos mesmos medios e canles de comunicación.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante solicitude dirixida á Asociación Galega de Socioloxía a través das canles de contacto indicadas na súa páxina web.

A participación na convocatoria implica a aceptación do tratamento dos datos nos termos establecidos no presente artigo.

#### **Artigo 8. Dereitos de difusión e propiedade intelectual**

A participación na presente convocatoria implica a autorización á Asociación Galega de Socioloxía para a difusión pública do traballo premiado, total ou parcialmente, con fins académicos ou divulgativos, mediante calquera soporte, citando sempre a autoría. A propiedade intelectual do traballo corresponderá ao seu autor/a.